

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE NOVEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón que cese Belén do Campo Piñeiro como delegada territorial da Xunta na Coruña.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta na Coruña a Diego Calvo Pouso.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial LU – P – 1502 de Burela por Vilaestrofe a Ferreira, entre o p.q. 0+000 (orixe no porto de Burela) e o p.q. 1+200 (tramo urbano ata o cuartel da Garda Civil), a prol do Concello de Burela.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Inclusión Social a María Ángeles Teijeiro.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese Patricia Ulloa Alonso como directora xeral de Producción Agropecuaria.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias a Belén do Campo Piñeiro.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a sinatura da addenda ao convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco da inclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE), EIXE 2, CÓDIGO 71 DO P.O. FSE 2007/2013. Importe: cento corenta e catro mil euros (144.000,00 euros).
- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de discapacidade (Esgadi) 2015-2020.

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre a adxudicación de solo en dereito de superficie nos parques empresariais dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Sistema Integral de Xestión das Urxencias Sanitarias de Galicia no marco do proxecto H2050.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

A XUNTA NOMEA NOVO DELEGADO TERRITORIAL NA CORUÑA A DIEGO CALVO POUSO

O Goberno galego aprobou esta mañá o nomeamento de Diego Calvo Pouso como novo delegado territorial da Xunta na Coruña.

Nado o 24 de abril de 1975 en San Sadurniño, Diego Calvo é licenciado en Economía pola Universidade de Santiago e posúe un Máster en Desenvolvemento Local e Comarcal.

Ademais, foi deputado autonómico nas tres últimas lexislaturas e durante dous anos xa exerceu como delegado da Xunta na Coruña, cargo que deixou para presidir a Deputación desa mesma provincia.

O novo delegado territorial substitúe no cargo a Belén do Campo, que estivo ao fronte da delegación coruñesa desde mediados de 2011 á actualidade.

A partir de hoxe, Do Campo pasará a ser a nova directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias na Consellería do Medio Rural.

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE BURELA DO TREITO DE ESTRADA QUE COMUNICA O PORTO E O CUARTEL DA GARDA CIVIL DESTES MUNICIPIO

- *O cambio de titularidade afecta as rúas Eijo Garay, Pascual Veiga e Vilaestrofe da estrada da Deputación Provincial de Lugo LU-P-1502*
- *A entrega dos treitos formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) mediante a sinatura da acta de entrega*
- *A teor do artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, excepto travesías urbanas ou tramos incluídos no inventario da súa Administración titular, deberán ser aprobados pola Xunta*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a cesión ao Concello de Burela da titularidade do treito da estrada que comunica o porto e o cuartel da Garda Civil deste municipio lugués.

O Concello de Burela solicitoulle á Deputación de Lugo o cambio de titularidade das rúas Eijo Garay, rúa Pascual Veiga e rúa Vilaestrofe, que se corresponden co treito comprendido entre os p.q. 0+000 (porto de Burela) e 1+200 (cuartel da Garda Civil) da estrada de titularidade da Deputación Provincial de Lugo LU-P-1502. Este treito está situado no núcleo urbano de Burela.

Cómpre lembrar que a tenor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas incluídos no inventario de travesías da administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia. A proposta é efectuada polo departamento competente en materia de estradas, neste caso, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, logo do acordo entre as administracións afectadas.

Nese contexto, a Deputación Provincial de Lugo solicitoulle á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o cambio de titularidade e o Goberno galego, logo de informe de ambos os organismos, aprobou hoxe o cambio de titularidade no Consello da Xunta de Galicia para a súa tramitación.

A entrega dos treitos formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) mediante a sinatura da acta de entrega.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA XERAL DE INCLUSION SOCIAL A MARÍA ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de María Ángeles Teijeiro González como nova directora xeral de Inclusión Social. Ata agora e desde 2011 traballaba como edil no Concello de Lugo e foi vicepresidenta segunda da Deputación de Lugo e deputada delegada de Benestar, Igualdade e Xuventude.

María Ángeles Teijeiro González (Lugo, 1975) é diplomada en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi axente de Igualdade e é Experta Universitaria en Malos Tratos e Violencia de Xénero.

Traballou con colectivos sociais nas áreas de discapacidade, xuventude e igualdade e foi traballadora social en diferentes entidades sociais na Casa da Muller do Concello de Lugo entre 2009 e 2010.

Co nomeamento de María Ángeles Teijeiro queda completo o organigrama da Consellería de Política Social, toda vez que se ratifica que Amparo González, ata agora directora xeral de Familia e Inclusión, será a nova directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Novo xerente do Consorcio

Ademais, o conselleiro de Política Social informou ao Consello de que propondrá o nomeamento de Perfecto Rodríguez como xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Perfecto Rodríguez Muíños (Ponte Caldelas, Pontevedra, 1969) é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi alcalde de Ponte Caldelas (Pontevedra) entre os anos 2003 e 2015, concello do que foi edil desde 1995, así como primeiro tenente de alcalde e concelleiro de Urbanismo desde 1999. Desempeñou o cargo de vocal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra (2003-2005) e actuou como vicepresidente primeiro da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) desde 2007 ata 2011 para ser despois membro da Comisión Executiva.

Dentro da súa actividade profesional, foi letrado do Colexio de Avogados de Pontevedra desde 1992 e asesor xurídico de Xestión Urbanística de Pontevedra S.A. entre 1998 e 2003. Tamén foi membro da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e do consello reitor da Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL A BELÉN DO CAMPO PIÑEIRO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Belén do Campo Piñeiro como directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural. Asume o cargo en substitución de Patricia Ulloa Alonso.

Belén do Campo era ata o de agora delegada territorial da Xunta na Coruña. Diplomada en Educación Xeral Básica na especialidade de lingua española e idiomas modernos, tamén cursou o *Programa Ejecutivo de Gestión del Instituto Europeo IE* e un máster en *Xestión Medioambiental, Instituto de Investigacións Ecolóxicas The Open International University*. Ata o seu nomeamento como delegada territorial era deputada pola Coruña na IX Lexislatura 2009-2011. Con anterioridade foi senadora electa pola Coruña entre o período 1996-2008.

A nova directora xeral da Consellería do Medio Rural tamén foi membro do Patronato de IFECO e membro do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña, cargos que ocupa dende 2012 e 2011, respectivamente.

A XUNTA REGULARÁ AS INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS QUE DEBEN INCORPORAR OS EDIFICIOS PÚBLICOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *Ponse en marcha o segundo desenvolvemento normativo da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia*
- *É un decreto fundamental para poder avanzar cara a edificios intelixentes, conectados a redes ultrarrápidas, enerxéticamente eficientes e adaptados a servizos en mobilidade*
- *A nova norma asegurará que as dependencias da Administración xeral e o sector público estean preparadas para prestar os servizos dixitais do futuro*
- *Obriga á incorporación das infraestruturas de comunicacións na fase de construción dos novos edificios, o que suporá un importante aforro fronte á súa execución a posteriori*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o envío ao Consello Consultivo do texto do decreto que asegurará que os edificios da Administración xeral e o sector público autonómico contén coas infraestruturas necesarias para soportar as comunicacións internas e o acceso aos servizos de telecomunicacións.

Con esta norma búscase garantir que os edificios públicos estean dotados do equipamento preciso para ofrecer uns servizos dixitais de calidade coas máximas garantías de seguridade e dispoñibilidade. É un decreto fundamental para poder avanzar cara a edificios intelixentes, conectados a redes ultrarrápidas, enerxeticamente eficientes e adaptados a servizos en mobilidade.

Unha norma que acompaña a implementación de servizos dixitais en todos os ámbitos que está a impulsar o Goberno autonómico dentro da Axenda Dixital de Galicia: consolidar a eAdministración, proporcionando servizos online cada vez máis rápidos, sinxelos e eficaces; avanzar cara ao expediente xudicial electrónico, simplificando a tramitación e axilizando os procedementos, potenciando a relación telemática entre os distintos axentes; continuar o proceso de transformación do sistema educativo galego, coa dixitalización das aulas e os contidos dixitais; a evolución das iniciativas de eSaúde e a prestación de servizos sanitarios como o Fogar Dixital.

Lei de telecomunicacións de Galicia

Este decreto é o segundo desenvolvemento normativo derivado da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que estableceu o marco legal para garantir un desenvolvemento áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente das infraestruturas de telecomunicacións.

En concreto, desenvolve o disposto no artigo 9 da Lei 3/2013 sobre a determinación dos requisitos comúns de deseño para asegurar que as infraestruturas de telecomunicacións das dependencias da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia ofrezan un axeitado nivel de calidade e fiabilidade, implantación e certificación.

Requisitos para edificios de nova construción e inmobles existentes

No caso de edificacións de nova construción e de reformas substanciais, o decreto prevé a inclusión no deseño arquitectónico das infraestruturas de obra civil e outros elementos precisos para soportar os sistemas de telecomunicacións. Esta medida evitará a necesidade de realizar obras de adaptación unha vez concluído o inmovible, o que suporá un importante aforro.

Por outra banda, o decreto regula as prescricións de deseño, instalación e certificación que deberá cumprir calquera proxecto de implantación de infraestruturas de telecomunicacións en inmobles existentes.

Estas determinacións e prescricións técnicas teñen como finalidade racionalizar e homoxeneizar a calidade das instalacións para aumentar a dispoñibilidade dos servizos á vez que se optimizan os custos e serán concretadas na "Guía de especificacións dos sistemas de telecomunicacións" que se elaborará nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do decreto.

Guía de especificacións

A Guía de especificacións dos sistemas de telecomunicacións tratará polo miúdo cuestións como:

- O dimensionamento, localización e características construtivas de canalizacións e infraestrutura de distribución e soporte nos edificios públicos que se constrúan ou remodelen.
- O deseño e implantación de sistemas de cableado estruturado e sen fíos (subsistemas de interconexión, horizontal, troncal, redes wifi, redes móbiles, etc.)
- Os sistemas intelixentes (control de acceso, alarmas técnicas, eficiencia enerxética, etc.)
- As normas sobre o etiquetado, certificación e verificación da instalación, o contido do Proxecto de infraestruturas de comunicacións e a documentación final de obra.

A XUNTA REFORZA CON 144.000 EUROS O CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS NO MARCO DA INCLUSIÓN SOCIAL

- ***Amplíase o importe total do convenio ata chegar aos 1.791.826 euros***
- ***Co importe global financiarase o mantemento dos equipos de inclusión sociolaboral comarcais, as actuacións complementarias de sensibilización e formación e as actuacións de acompañamento social que posibiliten os itinerarios personalizados de inclusión e de especialización profesional do persoal implicado no desenvolvemento das actuacións***
- ***O aumento do investimento do convenio permitirá incrementar a calidade da atención, o que redundará nun maior número de insercións laborais***

O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura da addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco da inclusión social. Ao abeiro desta addenda ampliarase o importe total do convenio en 144.000 euros ata chegar aos 1.791.826 euros. A contía global do convenio atenderá as competencias da inclusión social nunha tripla vertente. Por unha banda financiarase o mantemento dos equipos de inclusión sociolaboral comarcais, sufragaranse as actuacións complementarias de sensibilización e formación, e, por último, atenderanse as actuacións de acompañamento social que posibiliten os itinerarios personalizados de inclusión e de especialización profesional do persoal implicado no desenvolvemento das actuacións.

Estas accións terán un cofinanciamento do Fondo Social Europeo do 80%, mentres que o 20% restante corresponderá a Comunidade Autónoma de Galicia.

O aumento do investimento do convenio permitirá incrementar a calidade da atención, o que redundará nun maior número de insercións laborais. Cun maior financiamento mellorará cualitativamente o acompañamento ás persoas en situación de risco ou exclusión social que inician procesos de inclusión sociolaboral, entre as cales se atopan aquelas que están a percibir a renda de inclusión social de Galicia.

Dentro do seu ámbito competencial, a Consellería de Política Social promove fórmulas de cooperación interadministrativa e de natureza consorcial cara a efectiva coordinación e cooperación co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Estratexia 2014-2020

Os equipos de inclusión sociolaboral constitúen un recurso técnico da Estratexia de inclusión social 2014-2020. A estratexia susténtase nas reflexións e análises dunha base informativa constituída, entre outros, pola información recollida no proceso de avaliación do II Plan galego de inclusión, da participación en grupos de traballo de cooperación nos diferentes niveis de Administración e do corpo documental das institucións da Unión Europea en relación coas directivas, recomendacións, e comunicacións da materia relacionada coa Estratexia 2020 e, máis en concreto, co contido da súa iniciativa emblemática, a Plataforma de loita contra a pobreza e a exclusión social.

A experiencia na loita contra a pobreza e a exclusión social demostra que as medidas de carácter monetario non resolven por si mesmas a situación de persoas e familias en situación de risco ou exclusión e que é precisa unha atención personalizada e un seguimento individual dos procesos de inclusión por parte de persoal técnico. As accións complementarias ás realizadas polos equipos de inclusión sociolaboral están descritas igualmente na Estratexia de inclusión social de Galicia e son desenvolvidas por outras entidades de iniciativa social e polos concellos.

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA SOBRE DISCAPACIDADE PARA O PERÍODO 2015-2020 CO OBXECTIVO DE AVANZAR NA PLENA INTEGRACIÓN SOCIAL E LABORAL DESTE COLECTIVO

- *O documento constitúe a folla de ruta que vai aplicar a Administración autonómica nos vindeiros anos para promover que as persoas con discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e independente, e avanzar na consecución da igualdade real destas persoas e na súa plena inclusión social*
- *As liñas prioritarias de intervención que recolle a Estratexia son seis: accesibilidade, autonomía persoal, educación, formación e emprego, saúde e servizos sociais*
- *A proposta é o resultado dun proceso de participación en que se implicaron os distintos departamentos da Xunta de Galicia, as entidades de iniciativa social en representación das persoas con discapacidade e as súas familias, así como tamén os colexios profesionais que exercen a súa actividade neste ámbito*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, que dirixe os seus esforzos cara aos aspectos considerados clave para avanzar na consecución da igualdade real das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, e supón, ademais, a renovación do compromiso do Goberno autonómico para acadar ese obxectivo. Este documento é o resultado dun proceso en que participaron as principais entidades sociais e profesionais neste eido e constitúe a folla de ruta que vai aplicar a Xunta nos vindeiros cinco anos para promover que as persoas con discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e independente.

Para acadar este obxectivo, a Estratexia susténtase nunha serie de liña transversais con vocación de impregnar o conxunto de actuacións que se desenvolvan ao seu abeiro: a accesibilidade; a participación; a investigación, a innovación e a calidade; e a igualdade de xénero. E ademais establece seis liñas prioritarias cun total de 478 actuacións. Estas son:

- **Accesibilidade:** coa finalidade de asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural para o pleno exercicio dos seus dereitos e liberdades fundamentais.
- **Autonomía persoal:** co obxectivo de potenciar o desenvolvemento persoal xerando as condicións favorables para unha participación autónoma en todos os ámbitos.
- **Educación:** coa meta de promover unha educación e unha aprendizaxe permanente para as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación.
- **Formación e emprego:** co fin de facilitar o emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade e apoialas para a busca, obtención, mantemento do posto de traballo e/ou retorno ao mercado laboral.

- Saúde: coa misión de acadar unha asistencia sanitaria integral en igualdade de condicións que o resto da poboación atendendo as necesidades específicas de cada persoa con discapacidade.
- Servizos sociais: coa vontade de lograr que o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións do sistema de servizos sociais dea resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e o seu contorno.

Novas medidas

Así mesmo, a estratexia fundaméntase sobre a experiencia adquirida tras o desenvolvemento do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade Galicia 2010-2013 e na avaliación dos seus resultados. E froito desta avaliación, en que participaron todos os axentes implicados no desenvolvemento das accións que contiña o plan, incorpóranse a este novo marco de intervención novas medidas, entre as cales cabe salientar as seguintes:

- Liñas de axudas a concellos para mellorar a accesibilidade dos recursos turísticos.
- Desenvolvemento de actuacións de mellora da accesibilidade nas infraestruturas portuarias adscritas a Portos de Galicia que faciliten o acceso ao mar e as actividades náuticas ás persoas con discapacidade, especialmente a aquelas con mobilidade reducida
- Implantación dun sistema tecnolóxico de información do sistema de transportes de Galicia (Sistema de axuda á explotación da mobilidade-SAE Galicia), que ofrezca información en tempo real da oferta de transporte, co requirimento de adaptabilidade no desenvolvemento deste sistema (información sobre as condicións de accesibilidade das infraestruturas e medios de transporte público regular de uso xeral)
- Aprobación da carteira de servizos para a atención a persoas con discapacidade autónomas
- Establecemento de liña de axudas individuais para a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, e de servizos complementarios de asistencia persoal a persoas con discapacidade
- Deseño de programas de asesoramento e orientación académica e profesional para os procesos de tránsito entre etapas educativas que proporcionen solucións adaptadas ao alumnado con necesidades de apoio educativo e faciliten información e acompañamento ao alumnado e ás súas familias
- Elaboración dun catálogo de postos de traballo para persoas con discapacidade, no ámbito do emprego público, no cal se describan as tarefas fundamentais e se estableza o perfil de exixencias e condicións mínimas de cada un dos postos de traballo tendo en conta as peculiaridades de cada grupo de discapacidade

- Liña de axudas que complementen as xa existentes en materia de transporte, no caso de gastos xerados polo desprazamento ao posto de traballo das persoas con discapacidade
- Promoción de medidas que favorezan o tránsito dos traballadores/as con discapacidade desde o centro especial de emprego cara ao mercado ordinario
- Garantía dunha adecuada atención psicolóxica dirixida ás mulleres e aos homes con discapacidade e ás súas familias, no momento en que se produce a discapacidade e con continuidade no tempo
- Programa de adaptación da rede de centros propios da Administración autonómica para que sexan totalmente accesibles ás persoas con discapacidade
- Apoio á ampliación da taxa de cobertura do Servizo de Axuda no Fogar, coa consideración do envellecemento temperán da poboación con discapacidade como un dos criterios de ponderación na asignación de horas aos concellos
- Mellora dos prazos de tramitación dos procedementos de solicitude, valoración e acceso a servizos e prestacións, e procurar a súa simplificación

Compromiso orzamentario e transversalidade

Ao respecto do compromiso do Goberno galego coas políticas dirixidas ás persoas con discapacidade cómpre lembrar que as partidas económicas neste ámbito se incrementan para o ano 2016 un 11% ao respecto do presente exercicio. Neste sentido, é importante a aposta que se fai polo apoio ás propias entidades representativas das persoas con discapacidade, concretamente a través das súas federacións, cuxas dotacións orzamentarias soben preto dun 20% -pasan de 3 millóns de euros a 3,6 millóns-.

Así mesmo, vanse poñer en marcha novos programas de axudas con financiamento europeo que suporán o vindeiro ano unha dotación orzamentaria de 6,5 millóns de euros, e onde unha aposta importante é o fomento da accesibilidade para o cal se habilitará unha liña de achegas dirixida á supresión de barreiras en infraestruturas sociais e espazos públicos, así como tamén un sistema de préstamo de produtos de apoio e axudas técnicas. A todo elo hai que engadir as dotacións económicas para o mantemento das prazas nos centros de día e residenciais no ámbito da discapacidade.

Por último, a Estratexia galega sobre Discapacidade 2015-2020 está elaborada baixo o principio de integralidade e transversalidade das políticas nesta materia. Deste xeito, na consecución dos obxectivos e no seu desenvolvemento, ademais da Consellería de Política Social, participan outros departamentos da Xunta e ten en contra outros plans sectoriais que existen nos diferentes ámbitos desta Administración autonómica, como poden ser a Estratexia de inclusión social de Galicia 2015-2020, os programas operativos FSE e Feder 2014-20120, o IV Plan galego para a igualdade entre homes e mulleres ou a Estratexia Sergas 2015-2020.

A XUNTA REFORZARÁ OS INCENTIVOS Á INSTALACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA OFERTANDO SOLO INDUSTRIAL DESDE 38 CÉNTIMOS O METRO CADRADO EN RÉXIME DE DEREITO DE SUPERFICIE

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe os novos requisitos de acceso a solo empresarial na nosa Comunidade, que se sitúa en mellores condicións para competir con Portugal*
- *Os adxudicatarios deberán impulsar un “proxecto singular”, valorándose que supoña un investimento mínimo de oito millóns de euros ou a creación de 20 postos de traballo*
- *Os titulares do dereito de superficie poderán desfrutar dun primeiro ano de carencia se o solicitan e o canon anual por metro cadrado oscilará entre 38 céntimos e 2,28 euros durante os primeiros anos*
- *Estas medidas comezarán a aplicarse en decembro nos parques empresariais propiedade de Xestur e se estenderán aos do Instituto Galego da Vivenda e Solo nunha segunda fase*
- *Dáse así continuidade ao programa de venda de solo empresarial iniciado a comezos de ano, que permitiu vender xa 380.000 metros cadrados de solo empresarial, o que iguala a suma dos tres anos anteriores e a sitúa nos niveis de 2008*

A Xunta de Galicia reforzará os incentivos para a instalación de empresas en Galicia ofertando solo industrial desde 38 céntimos de euro o metro cadrado en réxime de dereito de superficie. O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre as novas condicións baixo as que se poderá acceder a solo empresarial na nosa Comunidade, que gaña así en competitividade e atractivo para o desenvolvemento de proxectos empresariais fronte a Portugal.

Deste xeito, os parques empresariais galegos ofertaranlles solo en condicións óptimas ás empresas interesadas en instalarse en Galicia sen que sexa preciso realizar un forte investimento na súa adquisición. Os adxudicatarios dos dereitos de superficie poderán construír as instalacións necesarias para desenvolver o seu proxecto empresarial nas parcelas que lles correspondan a cambio dun canon anual, equivalente a unha porcentaxe do prezo de venda da parcela.

Os pagamentos serán menores nos primeiros anos, tendo en conta que nesa etapa a empresa deberá afrontar os investimentos derivados da instalación e mesmo poderá desfrutarse dun primeiro ano de carencia se se solicita. A evolución do canon que deberán pagar será a seguinte:

- 1 ano de carencia, se se solicita.
- 1,5% do prezo de venda da parcela nos dous seguintes anos
- 2,5% do prezo de venda da parcela nos dous seguintes anos

- 3,5% do prezo de venda da parcela no resto do período de vixencia da concesión.

Durante os dez primeiros anos da concesión, os adxudicatarios poderán exercer o dereito de compra das parcelas ao seu prezo orixinal e descontando unha parte do pago en concepto de canon.

O prego establece que o prazo de vixencia do dereito de superficie será de trinta anos, prorrogables ata un máximo total de sesenta anos por acordo entre as partes. Transcorrido o período de vixencia do dereito de superficie, a plena propiedade do solo, do subsolo e das edificacións construídas polo superficiario en cumprimento das súas obrigas, reverterá no organismo público correspondente.

No prazo máximo de tres anos, os adxudicatarios deberán ter edificadas as súas instalacións e obtida a licenza de actividade, tal e como establecen os pregos de bases dos concursos de venda de solo da Xunta de Galicia, co obxectivo de garantir que os investimentos e a creación de postos de traballo se realizan no prazo máis curto posible.

As empresas que opten á adxudicación de dereito de solo deberán obter a declaración de "proxecto singular" pola súa relevancia para a economía e o emprego, e valorarase que supoña un investimento mínimo de 8 millóns de euros ou a creación de 20 postos de traballo.

Estas medidas comezarán a aplicarse en decembro en máis de 2 millóns de metros cadrados de parques empresariais propiedade de Xestur e se estenderán aos do Instituto Galego da Vivenda e Solo nunha segunda fase. Isto será posible, logo de que o pasado mes de abril o Consello da Xunta aprobase o Decreto polo que se regula o réxime xurídico de solo empresarial xestionado polo IGVS, habilitando as bonificacións de prezo e permitindo a adxudicación de solo en réxime de dereito de superficie.

No solo que Xestur dispón actualmente para venda o canon do solo adxudicado oscilará entre os 38 céntimos e os 2,28 euros ao ano por metro cadrado.

	1º ano	2º e 3º ano	4º e 5º ano	6º ano e seguintes
% prezo parcela	0 € *	1,5% anual	2,5% anual	3,5% anual
Mínimo €		0,38 €/m ² /ano	0,63 €/m ² /ano	0,88 €/m ² /ano
Máximo €		2,28 €/m ² /ano	3,81 €/m ² /ano	5,33 €/m ² /ano

* 1º ano de carencia se se solicita

Continuidade do programa de incentivos

Con esta medida, o Goberno galego dálle continuidade ao programa de incentivos á venda de solo empresarial na Comunidade, logo de poñer en marcha a comezos deste ano un programa de prezos bonificados, que aplica descontos de entre o 30 e o 50% sobre as tarifas de case 1 millón de metros cadrados.

Ese programa permitiu vender xa 380.000 metros cadrados de solo empresarial en Galicia, unha cifra que case iguala a suma das vendas dos tres anos anteriores e a sitúa nos niveis do ano 2008.

O SERGAS IMPULSA UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DAS URXENCIAS SANITARIAS PARA INTEGRAR HOSPITAIS, 061 E PAC

- ***Incrementará a eficacia da atención sanitaria urxente, mellorando os tempos de resposta, a rastrexabilidade da información e o seguimento dos pacientes***

O Servizo Galego de Saúde está a implantar un Sistema Integral de Xestión de Urxencias (Sigur) que permitirá a integración clínico-asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios, puntos de atención continuada (PAC) e 061, ao tempo que dá soporte á actividade realizada polos profesionais na atención urxente.

Este sistema mellorará o seguimento do paciente, ao permitir coñecer a información clínica xerada, por exemplo, nunha ambulancia medicalizada do 061 no centro de destino antes da chegada do paciente ao centro hospitalario. Deste xeito, garátese a continuidade asistencial e a rastrexabilidade dos pacientes.

Ademais, posibilitará a medición de todos os tempos asistenciais, non só os da triaxe -do que xa se dispón actualmente-, senón doutros como as áreas de observación de urxencias. O rexistro da actividade e de constantes farase a pé do paciente a través de dispositivos móbiles -como tabletas-, ao igual que a realización de ordes médicas e tratamentos e a súa administración pola enfermaría.

Integración e explotación da información

O sistema permite ofrecer a información da actividade e o estado xeral dos servizos de urxencias e dotar de ferramentas para a toma de decisións xerando indicadores de xestión dos servizos.

Polo tanto, o SIGUR permitirá integrar a información xerada nas urxencias sanitarias de Galicia nun mesmo sistema de xestión; incrementar a eficacia da atención urxente, mellorando os tempos de resposta, a rastrexabilidade da información e o seguimento dos pacientes, diminuíndo a variabilidade; facilitar información aos profesionais mesmo do acontecido nas ambulancias do 061 e nos domicilios dos pacientes; facer desaparecer o papel nos dispositivos de urxencias; rexistrar toda a información xerada pola enfermaría e actividade dos celadores e auxiliares; optimizar os recursos; informar os familiares da localización e estado do paciente nos servizos de urxencias; obter datos en áreas das que ata o momento non existía información telemática -como as de observación-; e indicadores de avaliación a tempo real.

O sistema incorpora ademais unha app para usuarios que permite, entre outros, a localización xeográfica dun accidente, a información sobre os dispositivos asistenciais sanitarios máis próximos e o contacto co 061, así como o acceso á información básica sobre primeiros auxilios.

O contrato, por un importe de 1,6 millóns de euros, enmárcase no ámbito dos proxectos de Innovación cofinanciados mediante o convenio denominado Hospital 2050 – Innova Saúde, establecido entre o Servizo Galego de saúde e o Ministerio de Economía e Competitividade. Este acordo encádrase no programa operativo I + D + I por e para o beneficio das empresas - Fondo Tecnolóxico 2007-2013, cofinanciados nun 80% polo Fondo de Desenvolvemento Rexional Europeo (Feder).

O seu escenario demostrador é a Estrutura organizativa de xestión integrada (EOXI) de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Neste contexto, actualmente estase xa a pilotar no CHUO e posteriormente estenderase ao Hospital de Verín, ao de Valdeorras, ao PAC de Xinzo e a unha ambulancia medicalizada do 061 con base en Ourense.

O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020 SUPORÁ UN INVESTIMENTO PÚBLICO NO RURAL GALEGO DE MÁIS DE 1.180 MILLÓNS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre este PDR, que foi remitido á Comisión Europea para a súa aprobación definitiva, prevista para antes de que remate este mes de novembro*
- *Este novo PDR dará continuidade á política en materia de desenvolvemento rural que vén realizando a Xunta de Galicia co apoio das achegas comunitarias do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)*
- *Entre os obxectivos deste programa están o de fomentar a competitividade da agricultura galega, promover a xestión sustentable dos recursos naturais e a loita contra o cambio climático e mellorar a calidade de vida da poboación rural*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia para o período 2014-2020, que foi remitido á Comisión Europea para a súa aprobación definitiva, que se prevé para antes do final deste mes de novembro.

Este novo PDR dará continuidade á política en materia de desenvolvemento rural que vén realizando a Xunta de Galicia co apoio das achegas comunitarias do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), máis concretamente a través do Programa de desenvolvemento rural 2007-2013, que finalizará a súa vixencia a finais de 2015.

Neste novo período de financiamento comunitario, Galicia percibirá 889,8 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da política agraria comunitaria. Isto suporá un desembolso público de 1.186,4 millóns de euros no rural galego a través deste programa. Deles, a Xunta achegará un importe superior a 217 millóns de euros e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente outros 79 millóns de euros.

O PDR 2014-2020 establece tres liñas básicas de actuación, en concordancia cos obxectivos definidos pola política agraria común. En primeiro lugar, fomentar a competitividade da agricultura galega mediante a modernización das explotacións agrícolas e forestais, incorporando agricultores mozos en explotacións orientadas ao mercado e con capacidade de diversificación económica, ordenando o territorio e mellorando a produtividade da industria agroalimentaria e forestal. En segundo termo, conservar e revalorizar o patrimonio natural de Galicia, promovendo a xestión sustentable dos recursos naturais e a loita contra o cambio climático.

E, en terceiro lugar, mellorar a calidade de vida da poboación rural fomentando a prestación de servizos básicos que axuden á fixación da poboación no medio rural, á creación de emprego e á redución do risco de pobreza.

Remuda xeracional

O PDR fai un especial fincapé na remuda xeracional no agro galego. Así, destinará 66,8 millóns de euros para apoiar os mozos e mozas que queiran instalarse para desenvolver actividades agrícolas. A mellora das explotacións contará cun apoio de máis de 166 millóns de euros. Estas liñas están acompañadas do apoio ás pequenas explotacións con 14,4 millóns de euros e de axudas á creación de agrupacións de produtores que permitan mellorar a posición negociadora fronte ao mercado con outros 5,3 millóns.

Para a mellora dos accesos ás explotacións e da súa base territorial investiranse 57,4 millóns de euros, para infraestruturas relacionadas con desenvolvemento, adaptación e modernización da agricultura e a silvicultura (concentración parcelaria e camiños).

En canto ao apoio á industria agroalimentaria, para permitir a vertebración do sector primario incrementando o valor engadido das producións agrícolas e gandeiras, o PDR apoiará o sector industrial con máis de 94,7 millóns de euros. Nesta liña, as indicacións xeográficas protexidas e as denominacións de orixe contarán co apoio de 15,84 millóns de euros.

Sector forestal

O apoio ao sector forestal é outro eixo prioritario do programa. Deste xeito, para investimentos en tecnoloxías forestais haberá un total de 53,4 millóns. Para o establecemento e mantemento de superficies forestais (forestación) o orzamento é de 49,3 millóns de euros e para investimentos destinados a aumentar a resiliencia e o valor ambiental dos ecosistemas forestais (investimentos forestais de carácter ambiental) a achega elévase a 18,7 millóns de euros.

O novo PDR considera que un medio rural dinámico non depende só do sector agroforestal, polo que a Xunta aposta tamén pola dinamización da poboación rural a través do investimento, creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas con preto de 26,3 millóns de euros. O mantemento da poboación agraria nas zonas de montaña ou con outras limitacións naturais recibirá un apoio de máis de 116 millóns de euros.

O desenvolvemento dunha agricultura e ganadería sustentables e respectuosas co ambiente e os recursos naturais é tamén unha prioridade do Goberno galego. Con esta medida apóianse actuacións encamiñadas a prácticas extensivas de ganadería de vacún de carne e leite, apicultura e razas autóctonas en perigo de extinción de pastos. A

achega será de 65,3 millóns de euros, ao que hai que engadir que, por primeira vez, se poña en marcha unha liña especificamente dirixida á produción de agricultura ecolóxica cun apoio de 12,7 millóns de euros para o conxunto do período.

Finalmente, a posta en marcha do programa apostará unha vez máis pola participación grazas ao enfoque *Leader*, mediante o cal a poboación rural será a protagonista, definindo ela mesma a súas estratexias de desenvolvemento local. Porase ao servizo do desenvolvemento local un orzamento de 84 millóns de euros.